

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para resposta oral en **comisión**:

Nos orzamentos da Xunta de Galicia para 2016 contéplase unha suba do soldo do presidente Feijóo e do seu goberno que suporá, dado o aumento de consellerías, unha suba do 23,1% a respecto de 2015, algo especialmente grave nun momento no que os soldos da poboación que ten a fortuna de traballar seguen conxelados.

Así mesmo, contrasta esta suba de soldos por parte do executivo galego coa práctica dos alcaldes da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela que decidiron baixar motu proprio as remuneracións dos seus gobernos por entender que non é de recibo a enorme distancia existente entre o soldo medio dos representantes a respecto dos representados.

Por todo o exposto con anterioridade o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda fai as seguintes preguntas:

- 1) Cal é o motivo desta suba dos soldos do goberno?
- 2) Era realmente necesario levar a cabo esta suba neste momento?

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 26/10/2015 16:40:36